

## **VECIÑANZA SOLICÍTALLE AO CONCELLO DE CUNTIS A ELABORACIÓN DUNHA PROGRAMACIÓN CULTURAL E FESTIVA ALTERNATIVA PARA ESTE VERÁN**

- *O Alcalde de Cuntis trasladoulles aos voceiros da oposición a posibilidade da suspensión das Festas Patronais.*
- *Veciñanza aposta por eventos de formato reducido con artistas locais e en coordinación coa hostalaría e tecido asociativo. Demándalle tamén o control dos entornos fluviais que serán moi concorridos debido á non apertura das piscinas municipais.*
- *Veciñanza lamenta a actitude irresponsable da Xunta de Galicia, que está a protagonizar unha deixazón de funcións evidente con marcado carácter electoralista*

Cuntis, 19 de xuño de 2020

Na Xunta de Voceiros telemática que tivo lugar este mércores, o alcalde de Cuntis trasladoulles aos representantes da oposición a posibilidade da cancelación das festas patronais da vila, que cada ano se celebran do 15 ao 18 de agosto. Os motivos son coñecidos, e responden á situación de excepcionalidade provocada pola crise sanitaria do coronavirus.

**Veciñanza solicítalle ao Goberno Municipal que elabore unha programación cultural e de lecer alternativa para os meses de verán compatible coa seguridade das persoas e que procure o cumprimento das medidas sanitarias recomendadas polas autoridades.** Neste sentido, Veciñanza aposta por eventos de pequeno formato, a celebrárense durante o día, en espazos abertos e que non requiran concentracións nin grandes aglomeracións. **O Goberno ten a obriga de ofrecer alternativas** viables que permitan, na medida do posible, amortecer as dificultades ás que todos e todas nos enfrontamos.

O voceiro municipal de Veciñanza, Santi Martínez, propuxo no encontro mantido esta semana **dous criterios principais** á hora de redeseñar a programación cultural, festiva e de lecer para este verán: aposta por **eventos con artistas locais** de todas as disciplinas en colaboración co sector hostaleiro para fixar horarios, espazos e formatos e **coordinación co tecido asociativo**. Desta maneira, **a programación servirá tanto de alternativa de lecer para os veciños/as como de dinamizadora da economía local.**

Tamén sinalou, ante o anuncio da non apertura da piscina e parques infantís municipais, a **necesidade de que o Concello de Cuntis controle a afluencia a entornos fluviais para garantir que se respectan as medidas sanitarias.** Cuntis conta con varios destes espazos, como por exemplo As Campaiñas ou Os Albariños, que son frecuentados por mozos e mozas durante o verán e que ante as actuais circunstancias serán unha alternativa moi concorrida.





Durante estes días succédense as novas que confirman a suspensión de actividades que viñan sendo habituais nos veráns, pero a incerteza marca cada decisión. A este respecto, **Veciñanza considera lamentable a actitude da Xunta de Galicia, que está a facer unha deixazón de funcións máis que evidente.** As instrucións que ofrece son ambiguas, incertas e, en moitos casos, imposibles de cumprir. Santi Martínez considera que o Partido Popular está a actuar cun electoralismo **altamente irresponsable, sen asumir boa parte das súas competencias e centrándose unicamente nos grandes titulares que lle poden reportar rédito electoral.** Son gravísimas as carencias de xestión que está demostrando en materias tan sensibles e ante unha situación que xa contempla a posibilidade dun rebrote da pandemia

